

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL CAMPO LAMEIRO

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *ORDENANZA REGULADORA DA CESIÓN DE USO DE LOCAIS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS CIDADANS*

#### **ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA APROBACION ORDENANZA REGULADORA DA CESIÓN DE USO DE LOCAIS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS CIDADANS.**

Expediente: APROBACION ORDENANZA REGULADORA DA CESIÓN DE USO DE LOCAIS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS CIDADANS

Trámite: Anuncio de elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial.

O Pleno do Concello, na súa sesión do 30-10-2015 aprobou inicialmente o texto da ORDENANZA REGULADORA DA CESIÓN DE USO DE LOCAIS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS CIDADÁNS

Non se presentaron alegacións durante o prazo conferido ao efecto (BOP nº 234, de 03-12-2015), polo que se entende elevado a definitivo o acordo de aprobación ata agora inicial, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Polo tanto, e segundo o art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do texto íntegro da modificación da ordenanza definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez transcurrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei:

#### **PROPOSTA APROBACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA CESION DE USO DE LOCAIS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS CIDADÁNS**

Considerando o interese que supón para o Municipio a aprobación da Ordenanza municipal reguladora da cesión do uso dos locais de titularidade municipal ás diversas asociacións cidadáns que demandan este tipo de instalación.

Visto o informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación da referida Ordenanza.

Visto o proxecto de ordenanza reguladora elaborado polos Servizos Municipais de Ordenanza municipal reguladora da cesión do uso dos locais municipais á asociacións cidadáns, solicitado por Providencia de Alcaldía.



O Pleno do Concello, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previa deliberación, e por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Aprobar a Ordenanza municipal reguladora da cesión do uso dos locais municipais a asociación cidadáns do Concello de Campo Lameiro nos termos que figura no expediente, e coa redacción que se transcribe de seguido:

### **ORDENANZA REGULADORA DA CESIÓN DE USO DE LOCAIS MUNICIPAIS ÁS ASOCIACIÓNS CIDADÁNS**

A participación cidadá é un dos eixes máis importantes dá sociedade, que se debe traballar a través dunha política pública transversal, fomentando e instaurando mecanismos, procedementos para promover o respecto e a profundidade dos dereitos das persoas, que aumenten a intervención dos cidadáns, reforzar a democracia para mellorara a calidade de vida da cidadanía.

O elemento asociativo configúrase na actualidade como clave para o proceso de construción dunha sociedade máis participativa e democrática e como factor esencial para o progreso social. Polo tanto é a participación dos cidadáns necesaria, a través de organizacións de cidadáns e asociacións que compoñen a estrutura institucional de Campo Lameiro para preservar e mellorar a riqueza social e cultural da comunidade, durante o intento de asuntos que afecten ós distintos sectores sociais que representan.

É neste marco onde o Concello de Campo Lameiro desprega a súa acción de fomento do tecido asociativo, tentando solucións as necesidades das asociacións a través da autorización legal oportuna.

Preténdese pois promocionar a realización de actividades autoxestionadas de interese social coa cesión, voluntaria e gratuíta, do uso de locais e equipamentos que sexan de titularidade municipal ou, naqueles de titularidade non municipal, sobre os que o Concello ostente algún dereito.

A presente Normativa ten como finalidade regular e facilitar ás entidades sociais sen ánimo de lucro de Campo Lameiro unha sede social ou un espazo, onde poidan desenrolar as súas actividades e conseguir os obxectivos expresados nos seus estatutos, ao mesmo tempo, que os devanditos espazos supoñan un punto de encontro para os seus membros e de referencia para a cidadanía de Campo Lameiro en xeral.

Tratándose de bens de titularidade municipal ou sobre os que o Concello ostenta algún dereito, susceptibles de ser utilizados por unha pluralidade de asociacións da localidade, corresponde a este a competencia exclusiva de decidir quen poderá ser beneficiario das cesións, atendendo a criterios obxectivos e de dispoñibilidade de espazo.



Corresponden ao Concello de Campo Lameiro as facultades de tutela a cuxos efectos tense que establecer as medidas e normas básicas de organización, sen detrimento da autonomía que as entidades que os ocupen nese momento poidan ter.

## TITULO I

### Obxecto da ordenanza

#### Artigo 1. Obxecto

1. Esta ordenanza ten por obxecto a fixación dos criterios e do procedemento xeral a seguir na cesión de uso de locais municipais ás asociacións que o soliciten.

Trátase da cesión de uso dun local realizada coa duración que o acordo estableza, con carácter gratuíto e a título de precario, sen que en ningún momento poida considerarse que a mesma constituía dereito económico ou arrendamento a favor de calquera das partes ás que se ceden.

2. As cesións de uso proporcionarán ás entidades sociais un espazo onde desenvolver as súas actividades e cuxa finalidade será de utilidade pública ou de interese social e que redunden en beneficio de nosos veciños/as.
3. Quedan excluídas desta ordenanza as cesións temporais destinadas a satisfacer necesidades puntuais ou transitorias, as cales estarán reguladas pola autorización municipal oportuna, ou aqueles inmobles ou equipamentos que dispoñan doutra normativa específica.

#### Artigo 2. Espazos que se ceden

O Concello de Campo Lameiro acordará a cesión, en precario, ás asociacións da localidade que o requiran e dentro das súas posibilidades, os Bens Patrimoniais de titularidade municipal susceptibles de cesión de uso en todo ou en parte.

#### Artigo 3. Entidades que poidan acollerse a esta Ordenanza

1. As asociacións constituídas legalmente ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación poderán solicitar a utilización dun local municipal para a realización de actividades propias do seu obxecto social; será condición indispensable que a asociación interesada non teña ánimo de lucro e que estean debidamente inscritas no Rexistro correspondente, e cuxas finalidades teñan por obxecto o ben común dos veciños a través das súas diversas manifestacións.



2. Considérase que asociación non ten ánimo de lucro cando así figura nos seus estatutos e non desenvolve actividade económica algunha ou, de desenvolvela, o froito desa actividade destínase única e exclusivamente ao cumprimento das finalidades de interese xeral establecidas nos seus estatutos, sen repartición de beneficios, directos ou indirectos entre os seus asociados ou terceiros.
3. En todo caso, o Concello garantirá a prioridade de cesión ás entidades cuxo fin sexa favorecer a igualdade de oportunidades que favorezan a participación igualitaria entre mulleres e homes, non–discriminación, accesibilidade universal das persoas con discapacidade ou outros proxectos de intervención social.
4. Entre os criterios de adxudicación, ademais da finalidade de uso do espazo, teranse en conta tamén a utilización que se vai facer do espazo (diaria, semanal, quincenal), o número de beneficios potenciais do servizo, anos de implantación na localidade e participación activa no municipio, e outros que a criterio técnico se consideren necesarios.

#### Artigo 4. Solicitudes

As asociacións solicitarán ao Concello, por escrito, a cesión dun local, achegando unha proposta de actividades e servizos, así como os horarios previsibles, que se desenvolverán no espazo para ceder e prazo polo que se solicite o uso dun local.

O concello estudará cada solicitude e, en función da dispoñibilidade de equipamentos, realizará un informe ao respecto emitindo unha proposta, na que se incluírá as condicións de uso, e que deberá aprobarse pola Xunta de Goberno Local.

As persoas, empresas ou entidades non rexistradas como asociación poderán solicitar a utilización dos locais dispoñibles previo pago da correspondente taxa, de acordo coa Ordenanza fiscal reguladora.

#### Artigo 5. Cesión

1. Estudada a solicitude, propoñerase á Xunta de Goberno Local a adopción dun acordo polo que se lle permita á entidade social interesada acceder ao uso dos inmobles ou equipamentos obxecto desta ordenanza, en función da natureza do ben, de conformidade co artigo 3 desta ordenanza.
2. O acordo de cesión de uso deberá expresar a finalidade concreta do destino dos bens e conterá os condicionamentos, limitacións e garantías que se estimen oportunos cuxo incumprimento dará lugar á reversión do uso. Como norma xeral a cesión de uso terá un carácter anual con prorrogas ata un máximo de 5 anos. Unha vez excedido o devandito período poderá volverse a conceder a cesión de uso se non variaron as condicións polas que o colectivo accedeu ao mesmo, pero revisaranse as condicións de cesión.



3. O acordo incorporará un inventario dos bens mobles, no caso de que foran tamén obxecto de cesión de uso.
4. O acordo de cesión de uso pode tamén referirse a outros extremos que afecten á colaboración entre o Concello e a entidade beneficiaria.
5. O Concello non dirixe nin presta conformidade ás actividades para realizar nos locais cedidos. As asociacións non teñen ningunha relación de dependencia co Concello que non se fai responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que poidan producirse dentro do local.

### Artigo 6. Obrigas

1. A asociación beneficiaria dunha cesión de uso está obrigada a cumprir as disposicións e normas desta Ordenanza así como as que figuren no acordo de Xunta de Goberno Local, ademais de todas aquelas establecidas legalmente pola Lei de Administración Local e Galicia e/ou lexislación de aplicación.
2. Inmediatamente á adopción do acordo de cesión, a entidade beneficiaria dispoñerá dun mes para confirmar o proxecto de actividades e servizos para o ano no que a Xunta de Goberno Local tomou o acordo. Co inicio de cada ano natural, a asociación adjudicataria entregará ao Concello un novo proxecto, se fose o caso.

## TÍTULO II

### Das normas xerais de uso de locais

### Artigo 7. Usos

1. Os espazos cedidos para uso exclusivo poderán ser utilizados pola entidade beneficiaria para aquelas funcións ou actividades que lle sexan propias, atendendo os seus obxectivos estatutarios. O acordo de cesión ou a autorización de uso poderá regular máis amplamente esta materia naqueles puntos que se estime oportunos.
2. Un local pode ser cedido a unha soa entidade individualizadamente ou a varias, de maneira que poidan usalo de forma compartida.
3. Calquera outra utilización diferente ás anteriores deberá ser autorizada polo Concello de Campo Lameiro.

### Artigo 8. Mantemento

1. As asociacións estarán obrigadas á conservación dilixente dos espazos de uso exclusivo e de uso común e en xeral de todo o inmovible, como tamén do mobiliario, respondendo dos danos que poidan ocasionar os seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, efectuando de forma inmediata e ao seu cargo, previa autorización do Concello, as reparacións necesarias. Este apartado non se aplicará no caso de que as deterioracións sobreveñan ao local polo só efecto do uso e sen culpa da entidade beneficiaria ou polo acaecemento dun caso fortuíto.



2. Corresponderá á entidade beneficiaria o mantemento e as reparacións dos bens mobles incluídos na cesión. Velarán pola limpeza e a orde. Despois de cada período diario de uso procederá á súa limpeza e ordenación do mobiliario e elementos interiores. Velarán polo bo uso da iluminación interior de edificios así como do perfecto peche das instalacións.
3. Nos locais de uso compartido, o Concello será o encargado de prover estas subministracións, buscándose fórmulas para que cada entidade abone a parte correspondente ao seu consumo, A limpeza dos locais compartidos correrá a cargo das asociacións velando a orde e limpeza co fin de que poidan ser utilizados por outras asociacións.
4. A asociación virá obrigada a cesar temporalmente na súa actividade no local cando fora requirida polo Concello de Campo Lameiro, naqueles supostos que se considere necesario para a celebración de actos municipais, ou aqueles que lle veñan impostos e sexan de inescusable cumprimento. Neste caso, a asociación deberá deixar o local perfectamente ordenado e sen elementos que dificulten a realización da actividade municipal, dentro do prazo que se indique na comunicación que para o efecto se remitirá desde o Concello.

### Artigo 9. Horarios

1. Uso individualizado.  
As asociacións beneficiarias dun local de uso individualizado poderán fixar libremente o horario de apertura e peche.
2. Uso compartido
  - a) Cando o espazo de uso cedido sexa compartido por diversas asociacións os respectivos acordos de cesión contemplarán os días e horario en que poderá ser utilizado por cada asociación.
  - b) Cando se trate de centros abertos en xeral, o Concello de Campo Lameiro fixará libremente o horario de apertura ao público.

### Artigo 10. Espazos comúns

Naqueles locais compartidos por varias entidades, corresponde ao Concello establecer cales son os espazos de uso común de cada centro e a finalidade e o uso que se poida facer destes. Por exemplo, taboleiro de anuncios.

### Artigo 11. Actividades non permitidas

No interior do local cedido e dentro do respecto á autonomía da asociación, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohíbe a realización de calquera acto de carácter violento ou que atente contra a dignidade



persoal ou discrimine a individuos ou grupos por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Queda prohibida a utilización dos espazos cedidos mediante estes acordos de cesión para a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.

Non se permite a realización de actividades lúdicas a título particular, e en xeral, queda prohibido calquer outro uso das instalacións fora do autorizado.

### Artigo 12. Obras

1. As entidades beneficiarias non poderán realizar no espazo cedido para o seu uso exclusivo, nin nos bens mobles, nin en xeral en todo o inmovible, ningún tipo de obra ou actuación sen expresa autorización previa do Concello de Campo Lameiro.
2. As obras ou actuacións quedarán en beneficio do ben inmovible, sen dereito a percibir ningún tipo de indemnización ou compensación económica pola súa realización.
3. En caso de contravir o disposto no apartado 1 deste artigo, o Concello poderá revogar o acordo de cesión de uso do local á devandita asociación ou tamén poderá ordenar que se restituía o ben ao seu estado orixinal, sen dereito a indemnización ou compensación económica. En caso de non facelo, o Concello poderá executar subsidiariamente as obras de restitución, estando obrigada a entidade para pagar custo. Se a restitución fose imposible sen o menoscabo do ben, o causante estará obrigado a indemnizar polos prexuízos ocasionados.

### Artigo 13. Responsabilidade Civil e Fianza

1. Cada entidade será responsable directa dos danos e prexuízos ocasionados a terceiros nos espazos cedidos causados polos seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o propio Concello.
2. O Concello poderá esixir unha fianza en calquera das formas legalmente permitidas. A fianza responderá do cumprimento do bo uso e restitución dos edificios, locais e instalacións municipais á situación anterior ao momento da cesión. Así mesmo, garantirá a indemnización de danos e prexuízos cando deban responder os usuarios dos que efectivamente se produzan nos edificios, locais e instalacións cedidos. Tamén responderán do pago das sancións que poidan impoñerse en virtude da aplicación da presente Ordenanza. A contía do importe da fianza será determinada pola Xunta de Goberno Local no acordo de autorización do uso do local, en base á normativa aplicable no seu caso.



**Artigo 14. Prohibicións**

Constitúen prohibicións no uso dos locais municipais:

- a) O uso de locais para outra finalidade distinta á autorizada. Non está permitida a utilización dos espazos públicos cedidos mediante calquera tipo de autorización para a realización de actividades económicas que non fosen expresamente autorizadas, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
- b) O uso dos locais para actividades que vulneren a legalidade
- c) O uso dos locais para aquelas actividades que fomenten a violencia, o racismo, a xenofobia e calquera outra forma de discriminación ou que atenten contra a dignidade humana.
- d) O uso dos locais para aquelas actividades que impliquen crueldade ou malos tratos para os animais, poidan ocasionarlles sufrimento ou facerlles obxecto de tratamentos antinaturales.
- e) Fumar no interior dos locais do Centro.
- f) Manipular aparellos relacionado co equipamento das salas.
- g) Reproducir as claves de acceso aos locais.
- h) Ceder o uso do local a outro usuario sen o consentimento do Concello.
- i) Efectuar calquera tipo de venda no interior dos recintos.
- j) Distribuír propaganda allea ó Concello no interior dos recintos.
- k) O mal uso dos sistemas de iluminación interior dos locais, ocasionando consumos indebidos, así como deixar os locais coa iluminación prendida fóra do horario de uso dos mesmos.

**TÍTULO III****Deberes das asociacións e entidades. Control do cumprimento****Artigo 15. Deberes das asociacións e entidades**

Todas as entidades cidadás e asociacións cumprirán as normas xerais contidas nesta Ordenanza, e en concreto:

- a) A respectar os horarios de utilización establecidos no acordo de cesión ou aqueles outros que lle autorice o Concello de Campo Lameiro.
- b) A destinar o espazo cedido ás finalidades propias da entidade, realizando o seu programa de actividades, como tamén os que estableza o acordo de cesión ou poida autorizar o Concello.





- c) A non realizar no centro ningún tipo de publicidade mercantil de terceiros, salvo con autorización municipal. Entendendo por publicidade toda forma de comunicación que teña por obxecto favorecer promover, de forma directa ou indirecta, cómpraa/ venda ou contratación de servizos e/ou bens mobles ou inmobles.
- d) A respectar os espazos asignados e a outras entidades ou asociacións que compartan o centro sen interferir no normal desenvolvemento das súas actividades.
- e) A respectar a finalidade e destino dos espazos de uso común
- f) A non causar molestias á veciñanza nin perturbar a tranquilidade da zona durante os horarios de utilización, adoptando as medidas oportunas establecidas na normativa vixente.
- g) A conservar os espazos asignados para ou seu uso en ópticas condicións de salubridade e hixiene.
- h) A custodiar as chaves do centro e a cerralo cando sexa a última entidade en usalo, salvo que o acordo de cesión dispoña outra cousa. Queda prohibida a reprodución das chaves así como á súa cesión a terceiros.
- i) A non ceder a terceiros, nin total in parcialmente, sexa ou non membro dá asociación, ou uso do espazo que lle foi asignado.
- j) Cando se trate de centros abertos ou público, a non impedir a entrada, dentro do horario de funcionamento, a ningunha persoa por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual pu calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- k) A comunicar ou Concello de Campo Lameiro, calquera anomalía, incidencia ou problema que poida suceder, e con carácter inmediato no suposto de urxencia.
- l) A revertir ó Concello de Campo Lameiro, unha vez extinguido ou revogado ou acordo de cesión ou uso dous espazos e bens obxecto dá cesión no seu estado orixinario, salvo o desgaste normal sufrido polo seu uso.
- m) A permitir en todo momento ó Concello o exercicio da facultade de seguimento e inspección en canto a vixilancia do cumprimento desta ordenanza, da normativa vixente e do acordo de cesión ou autorización do uso, facilitando o acceso aos diverso espazos e proporcionando información e documentación que sexa requirida. En todo caso o Concello poderá acceder o local co fin de evitar a produción dun dano inminente ou unha incomodidade grave.
- n) Velar pola limpeza e o orden dos locais e instalacións municipais. A tal efecto despois de cada período ordinario de uso, ou despois do uso puntual para o que se cedeu, procederán a limpeza e ordenación do mobiliario e dos elementos interiores. Tamén velarase po lo correcto apagado dos sistemas de iluminación e cerre das instalacións.



## Artigo 16. Réxime de control de cumprimento dos deberes

Considérase infraccións das entidades usuarios dos locais as seguintes:

- Ocupar edificios e locais municipais sen permiso do Concello.
- Non manter diariamente limpo o local ou dependencia ocupados con autorización na forma establecida na presente Ordenanza.
- Causar danos nos locais , instalación, equipos e demais bens mobles que se atopen nos locais utilizados.
- Realizar reproducións de chaves de acceso a os edificios ou locais empregados sen autorización do Sr/Sra. Alcalde/sa
- Non restituír as chaves de acceso os edificios e locais obxecto de utilización de forma inmediata o seu desaloxo definitivo.
- Realización de actividades diferentes as autorizadas.
- Manter a iluminación dos locais fora do horario de uso asignado a cada asociación.
- Calquera outra infracción contraria a presente ordenanza.

## Artigo 17. Infraccións

As infraccións poderán ser leves, graves ou moi graves.

Serán infraccións leves, as establecidas nas letras b), g), e), h)

Serán infraccións graves, as establecidas nas letras c), d) e f) do artigo anterior.

Serán infraccións moi graves as establecidas na letra a) do artigo anterior.

## Artigo 18. Sancións

As infraccións será sancionadas da seguinte forma:

- As leves, con multas de 50 a 200 euros.
- As graves, con multas de 201 a 500 euros.
- As moi graves, con multa de 501 a 1000 euros.

O órgano competente para impor ditas sancións será a Xunta de Goberno Local. Estas sancións serán independentes da indemnización de danos e prexuízos que proceda.

As responsabilidades e sancións mencionadas anteriormente, en defecto do pago voluntario, se substanciarán e executarán a fianza correspondente e no seu caso pola vía de presa.



**TÍTULO IV****Facultades e obrigacións do Concello****Artigo 19. Facultade inspectora**

O Concello de Campo Lameiro poderá exercer en calquera momento a potestade de inspección daqueles locais cedidos.

O Concello, tras petición xustificada por parte das entidades ou cidadáns, poderá, previo acordo coa asociación ou colectivo cesionario, autorizar a utilización do local obxecto de cesión para actividades puntuais, sempre respectando as actividades programadas po la asociación ou colectivo beneficiarios do acordo de cesión e uso.

O prazo de autorización para actividades puntuais non superará o período de un mes.

A responsabilidade sobre o uso e conservación do local mentres dure a utilización temporal será de quen puntualmente contén con dita autorización.

**Artigo 20. Obrigacións do Concello**

Concello de Campo Lameiro ten as seguintes obrigacións:

- As que se deriven desta Ordenanza e da legalidade vixente.
- Conservar en óptimas condicións de salubridade e hixiene os espazos de uso común de cada centro.
- As reparacións e reposicións destinadas o mantemento estrutural do edificio corresponden o Concello de Campo Lameiro, entendéndose por tal o que afecta a estrutura do edificio, as súas fachadas e cubertas e as acometidas exteriores de servizos; sempre que sexan causa de uso normal e ordinario do centro. Tamén os enganches de auga, luz, calefacción e gas, se é o caso.

**TÍTULO V****Causas de extinción da cesión de uso****Artigo 21**

Os locais obxecto de esta Ordenanza cederanse por parte do Concello mediante réxime de cesión en precario. O réxime de cesión en precario extinguirase por decisión motivada da Xunta de Goberno Local, o cal reclamará nun prazo de 15 días de antelación á entidade beneficiaria mediante o correspondente requirimento, salvo supostos de urxente necesidade.



O acordo de cesión pode extinguirse:

- Por finalización do seu termo inicial ou as súas prórrogas.
- Por mutuo acordo entra as partes.
- Por renuncia da entidade ou por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos.
- Pola realización de actividades, servizos ou outros non contemplados no acordo de cesión ou que contraveñan a presente Ordenanza, en especial actividades económicas con lucro para particulares.
- Por disolución da entidade.
- Por necesidade suficiente motivada do uso do local para a presentación de outros servizos públicos que o requiran.
- En todo caso, por reiteración dunha moi grave, de mais de dúas graves e seis leves de calquera das infraccións establecidas no artigo 16 da presente ordenanza.

## Artigo 22

A extinción da cesión de uso por calquera das causas citadas non dará dereito a entidade ou asociacións afectadas a ningún tipo de indemnizacións ou compensación económica.

## Artigo 23

Unha vez resolto ou extinguido o acordo de cesión de uso, a asociación deberá reintegrar o Concello de Campo Lameiro o uso de espazos e bens cedidos no termo máximo de 15 días naturais. En caso contrario será responsable dos danos e prexuízos que poida ocasionar a demora.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

As entidades que previa a autorización desta Ordenanza viñeran empregando locais, edificios, ou instalacións municipais que non sexa debido a necesidades puntuais ou transitorias, ou que non contén con autorización expresa co seu correspondente prego de condicións, deberán presentar solicitude de cesión de uso do local que están empregando, no prazo de 2 meses, a contar desde a entrada en vigor. da presente ordenanza; seguíndose logo o procedemento aquí establecido.

Queda facultado o Sr. Alcalde–Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Recursos procedentes:

Contra este acordo poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso–administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

